



NIVEIS DE ACREDITACIÓN: COMDIX INICIACIÓN e COMDIX INTERMEDIO

(INFORMACIÓN DIRIXIDA AO ALUMNADO DE FP DO IES MURALLA ROMANA)

Modalidades de Acreditación do alumnado matriculado en:

FP Básica

- Por obter o título de técnico básico en calquera perfil profesional no curso 23/24 → recibirá o certificado que acredita o nivel de iniciación (Certificación ComDix iniciación).
- Por superar unha proba específica de acreditación das competencias dixitais de nivel intermedio, recibirá a Certificación ComDix intermedio.

Ciclos Medios

- Por obter o título de técnico ou técnica de FP nun perfil profesional no curso 23/24 → poderá acreditar o nivel intermedio o alumnado que supere unha proba específica da área de dominio 4. (Certificación ComDix intermedio)

O alumno/a alumna que obteña o título de técnico/a en Sistemas Microinformáticos e Redes no curso 23/24 – recibirá a Certificación ComDix intermedio, sen necesidade de realizar a proba específica.

CICLOS SUPERIORES

Acreditará o nivel de aptitude intermedio en competencias dixitais o alumnado que obteña, no curso 23/24, o título de técnico/a superior en calquera perfil profesional de FP ou o título de máster de FP (sempre e cando acredite dispor dun título de técnico/a superior)

Requisitos do alumnado para participar nas probas específicas:

FP Básica

- Estar matriculado no segundo curso dun ciclo formativo de grao básico para presentarse á proba específica que acredita as competencias dixitais de nivel intermedio.

Ciclos Medios

- Poderá acreditar o nivel intermedio o alumnado que supere á proba específica que acredita a área de dominio 4 de competencias dixitais de nivel intermedio e simultaneamente obteña o título de técnico/a de FP.

A PARTICIPACIÓN NAS PROBAS TEN CARÁCTER VOLUNTARIO.

Inscrición nas probas:

- Cubrir o modelo de solicitude de participación (**Anexo I da resolución**)
O alumnado menor de idade contará coa autorización das persoas proxenitoras ou das persoas titoras legais para poder inscribirse na realización da proba.
- **Entregar a solicitude de participación asinada antes do 22 de maio.**

Organización temporal:

- A proba realizarase, nun aula de ordenadores do instituto, durante o mes de xuño no día e na hora que a dirección xeral de FP lle asigne ao centro.

Características das probas:

NIVEL INTERMEDIO (ÁREAS 1, 2, 3, 4 e 5) → FP Básica

- A proba será en formato online na plataforma específica da AMTEGA → acceso á demo da proba.
- Batería de 60 preguntas (12 por área).
- Tempo máximo de 90 minutos.
- Para superar a proba de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 70% do total de preguntas, sendo necesario ademais obter un mínimo do 60% de respostas correctas en cada unha das cinco áreas.

NIVEL INTERMEDIO (ÁREA 4) → Ciclos Medios

- A proba será en formato online na plataforma específica da AMTEGA (acceso á demo da proba).
- Batería de 12 preguntas.
- Tempo máximo de 20 minutos.
- Para superar esta proba da área 4 de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 60% do total de preguntas. (Área 4 = Seguridade e privacidade)

A certificación en competencias dixitais do alumnado terá unha validez de cinco anos

Áreas de dominio definidas no Marco galego de competencias dixitais:

<https://competenciasdixitais.xunta.gal/areas.html>

Proba de exemplo do nivel intermedio na ligazón:

<https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/gl>

Para máis información, consultar a resolución.